

The Michigan Daily

ANTÓN REIXA
27.10.18 – 13.11.18

The Michigan Daily

DAQUELA
27.10.16

“RAJOY PRONUNCIA ANTE O CONGRESO O SEU
DISCURSO DE INVESTIDURA”

HOXE
27.10.18

“A CORRUPCIÓN SUMA 10.000 MILLÓNS AO ANO”

ENTÓN...

**VAI UN DÍA DE OUTONO EUROPEO NO MEU CACHO
DE EUROPA. FAI UN DÍA DESES EN
QUE EUROPA TODA SEMELLA VIENA.**

**EN VIENA CHOVEN FALIOS FREUDIANOS
QUE BAILAN STRAUSS.**

**PERO CÓMPRE DISCUTIR A QUE CACHO
DE EUROPA FAI REFERENCIA A NOTICIA E COMO
AFECTA AO PIB (Produto Interior Bruto).**

**REUNIDA A COMISIÓN PARA DEFINIR OS REINOS
DA NATUREZA: “XENTE”, “PIB” E (PARA OS BICHOS
INEFABLES) XÚNTESE A SUBCOMISIÓN MIXTA
DE VETERINARIOS E POLICÍA CIENTÍFICA
NUN ZOO OXIDADO.**

The Michigan Daily

DAQUELA

28.10.16

“ESPAÑA APORTARÁ AVIÓNS Á MISIÓN DA OTAN NA
CRISE MIGRATORIA DO MEDITERÁNEO”

HOXE

28.10.18

“AS VÍTIMAS DO ABUSO ROMPEN O SILENCIO
CONTRA A IGREXA EN ESPAÑA”

ENTÓN...

**UN ROSARIO DE ESFÍNTERES E HIMES BLOQUEA OS
ARAMIOS DE MELILLA PARA BLOQUEAR A CHEGADA
DE ESFÍNTERES E HIMES SUBSAHARIANOS.**

**A CURIA ESTÁ SATURADA DE PRACER E INVOCA A
SELECCIÓN NATURAL DE ESFÍNTERS E HIMES.**

**CONVÓCASE UN CONCILIO DE ORANGUTÁNS
CARDENALICIOS PARA BEATIFICAR A CARLOS
NEPOMUZENO DARWIN.**

The Michigan Daily

DAQUELA
29.10.16

“A ONU ACUSA A ISIS DE UTILIZAR 8.000 FAMILIAS
DE ESCUDOS EN IRAQ”

HOXE
29.10.18

“BRASIL VOTA AO ULTRA BOLSONARO POR
AMPLA MAIORÍA”

ENTÓN...

**NÉBOA CONFUSA UN ROSARIO DE DENTES
SUBSAHARIANOS AMARRADO A UN BOTAFUMEIRO
CON FORMA DE MEDIA LÚA QUR BOTA FUME
ESTUPIDAFACIENTE PARA ARRODEAR A CABANA DO
TÍO TOM E O TEU SUBCONSCIENTE DE
NÉBOA CONFUSA.**

The Michigan Daily

DAQUELA
30.10.16

“RAJOY, PRESIDENTE COA ABSTENCIÓN DO PSOE
TRAS 315 DÍAS DE GOBERNO EN FUNCIONS”

HOXE
30.10.18

“MERKEL RENUNCIA Á REELECCIÓN”

ENTÓN...

**DEBÍA SER POR 2003 OU 2004, EU ESTABA NA
BERLINALE ACOMPAÑANDO A UN ACTOR DE
GALICIA, BOA XENTE, TRIUNFARA NUNHA SERIE
DIRIXIDA POR MIN, FACENDO DE PERCEBEIRO.
NA CEA, ÁS NOSAS COSTAS, UNHA MULLER DISCRETA
E OPACA. ERA UNHA CONCELLEIRA BERLINESA. ERA,
É E FOI ANGELA MERKEL. INSISTO EN QUE PSASABA
DESAPERCIBIDA. PASARON ANOS ATA QUE O MEU
PERCEBEIRO
ME PUIDO ASEGURAR QUE, EFECTIVAMENTE,
ERA A MERKEL. PROPORCIONALMENTE,
O PERCEBE É, ERA, FOI E SERÁ O ANIMAL
CO MAIOR PENE DO REINO ANIMAL.
(ABSOLUTAMENT VERÍDICO O QUE CONTO)**

The Michigan Daily

DAQUELA

31.10.16

“BERNARD-HENRI LÉVY VISITA O KURDISTÁN
ACOMPAÑADO POLO PESHMERGA EN PLENA
OFENSIVA DE ISIS”

HOXE

31.10.18

“TRUMP PRETENDE EVITAR QUE NACER EN EEUU
GARANTA A CIDADANÍA”

ENTÓN...

**CANTO MÁIS SE FALA DE GOBALIZACIÓN,
MÁIS AUMENTA A BELICOSIDADE
DAS FRONTEIRAS.**

**ADUANAS PSICOTÉCNICAS DE
ODIOS KALASHNICOV.**

IN WAR WE TRUST.

The Michigan Daily

DAQUELA

01.11.16

“PUIGDEMONT APREMIA A RAJOY A ACEPTAR AS 4
5 DEMANDAS QUE LLE PRESENTARA EN ABRIL”

HOXE

01.11.18

“O BANCO DE ESPAÑA CENSURA A SUBA DO
SALARIO MÍNIMO”

ENTÓN...

DISQUE GOETHE DICÍA QUE NON HAI NADA MÁIS
ABSTRACTO DO QUE UNHA VOZ DE MULLER.
O ROMANTICISMO TEN MOITO DE CURSI E DE
SEXISMO. SENTIMENTALISMO. NON HAI NADA MÁIS
ABSTRACTO DO QUE UN EURO, UN DÓLAR, UNHA
TARXETA DE CRÉDITO OU OS RELICARIOS QUE SE
CUSTODIAN EN FORT KNOX.

A PASTA TODA DO MUNDO TODO NON SE
DÁ EXPRESADO NUN SAGRARIO DE LINGOTES
DE OURO.

The Michigan Daily

DAQUELA
02.11.16

“O DEREITO A PORTAR ARMAS POLARIZA O DEBATE
ELECTORAL EN USA”

HOXE
02.11.18

“A AVOGACÍA DO ESTADO ACUSARÁ DE SEDICIÓN
AOS LÍDERES DO PROCÉS”

ENTÓN...

**SANTOS E DEFUNTOS. DEFUNTOS E SANTOS. DÍAS
PRÓXIMOS NO HEMISFERIO GALICIA Á MATANZA DO
CORPO. SATÁN PORCINO. DEUS NON EXISTE PORQUE
É GALEGO. O DEMO EXISTE PORQUE É PORCO.
DO PORCO E DA FOCA APROVÉITASE TODO. DA
MELANCOLÍA APROVÉITASE TODO.
O DEREITO UNIVERSAL Á MELANCOLÍA.
CADEIRAS ELÉCTRICAS, SOGAS E ARTILLERÍA
MORTAL NA NÉBOA.**

The Michigan Daily

DAQUELA

03.11.16

“INQUEDANZA MUNDIAL POLO RESULTADO
ELECTORAL EN USA”

HOXE

03.11.18

“A PETICIÓN DE 25 ANOS A JUNQUERAS FECHA
A PORTA DOS ORZAMENTOS DO ESTADO”

ENTÓN...

**O HEMISFERIO GALICIA PROPOÑERÍA UN
REFERÉNDUM DEPENDE PARA AVALIAR A FORMA DE
SER DAS MAZAROCAS DE CABEZA NUCLEAR, PERO
NON. AGORA NON, MÁIS TARDE.**

**GAIVOTAS COR ARCO DA VELLA DEBUXAN
MERIDIANOS E PARALELOS INVISIBLES, MARCOS DA
GALAXIA DIFUSA DA PSIQUE NEBOENTA DA TRIBO
CONFUSA, PROFUSA, DIFUSA.**

The Michigan Daily

DAQUELA

04.11.16

“RAJOY DESIGNA UN GOBERNO CONTINUISTA”

HOXE

04.11.18

“O GOBERNO REXEITA DAR POR ESGOTADA
A LEXISLATURA”

ENTÓN...

**HOXE VOLVÍN PASAR POLO LUGAR DO ACCIDENTE.
QUERO DICIR POLA ZONA QUE
MÁIS OU MENOS PODO LEMBRAR COMO ESE LUGAR
FATÍDICO.**

PASEINO MAL.

CALAFRÍOS.

The Michigan Daily

DAQUELA
05.11.16

“PATXI LÓPEZ AFRONTA O SEU PLAN PARA
RECONSTRUÍR O PSOE”

HOXE
05.11.18

“UN TRIBUNAL DIVIDIDO AFRONTA HOXE A
POLÉMICA DAS HIPOTECAS”

ENTÓN...

A XENTE FALA DO CLIMA. VAI FRÍO. CHOVE.
TEÑO FRIO. CHOVO POR DENTRO. LEVO DOUS ANOS
CONVIVINDO COA DOR. FÍSICA.
TAMÉN DA OUTRA. ALGUÉN MOI PRÓXIMO A MIN
INGRESA NUN HOSPITAL. OUTRA RAZÓN PARA
CHOVERSE POR DENTRO. FÍSICAMENTE.

The Michigan Daily

DAQUELA

06.11.16

“DETIDO EN FRANCIA O MÁXIMO DIRIXENTE
DE ETA”

HOXE

06.11.18

“OUTROS DEZASETE INMIGRANTES DESAPARECEN
NAS COSTAS DE XIBRALTAR”

ENTÓN...

**HABERÍA OUTRA FORMA DE MARCAR O PASO DO
TEMPO: OS DÍAS QUE TARDA EN RENOVARSE A AUGA
DO MAR NALGÚN PUNTO CONCRETO DO PLANETA.
O MEDITERRÁNEO QUE NAVEGABA ULISES NON
É O MESMO NO QUE NAUFRAGAN “PATERAS” E
“CAYUCOS”.**

The Michigan Daily

DAQUELA

07.11.16

“SÁNCHEZ REÚNE SECRETAMENTE AOS CRÍTICOS
PARA URXIR O CONGRESO”

HOXE

07.11.18

“O SUPREMO CARGA AO CLIENTE O IMPOSTO
HIPOTECARIO”

ENTÓN...

**USURA, USURA, USURA. ASÍ FALABA O VELLO E
DEMENTE EZRA POUND. SE CADRA, NON TAN
VELLO, NON TAN DEMENTE. O DIÑEIRO PADECE DE
TRASTORNO MENTAL TRANSITORIO.**

The Michigan Daily

DAQUELA

08.11.16

“O MUNDO CONTÉN A RESPIRACIÓN MENTRES
USA VOTA”

HOXE

08.11.18

“SÁNCHEZ REFORMARÁ O IMPOSTO DAS HIPOTECAS
POR DECRETO”

ENTÓN...

**A CHOIVA TRAE DOR AOS ESQUELETOS ROTOS.
O ESQUELETO É O ANDAMIO DO SUBONSCIENTE. O
SUBONSCIENTE É A MATERIA PRIMA DA VIDA.**

The Michigan Daily

DAQUELA
09.11.16

“BRUXELAS INSISTE NO DURO AXUSTE DE ESPAÑA”

HOXE
09.11.18

“BRUXELAS AVISA DE QUE ESPAÑA NON CUMPRIRÁ A
META DE DÉFICIT”

ENTÓN...

**BRUXELAS DEBERÍA EXISTIR SÓ COMO NOME DUN
TIPO DE COL. A ÚNICA DISCUSIÓN HIXIÉNICA
A PROPÓSITO DA COL DE BRUXELAS É POR QUÉ
NALGÚNS LUGARES DE GALICIA DIN COUVE DE
BRUXELAS. AS COUSAS QUE ESTÁN LONXE TEÑEN
NOMES CONFUSOS.**

The Michigan Daily

DAQUELA

10.11.16

“TRUMP GAÑA AS ELECCIÓN EN USA”

HOXE

10.11.18

“PP E PSOE ABREN A BATALLA POLO CONTROL DO
PODER XUDICIAL”

ENTÓN...

**HOXE NENAS E NENOS DE 6-7 ANOS VISITARON A
INSTALACIÓN. DE REPENTE NON TIÑA PALABRAS
PARA CONTARLLES TODO O QUE QUERO CONTAR
CON ISTO. FALEILLES DE SOÑOS, IMAXINACIÓN E
CREACIÓN ARTÍSTICA.**

**DEIXARON UNS CADERNOS FERMOSES CHEOS DE
SOÑOS QUE ESPERO SEXAN COMO AQUILO QUE
DICÍA LAUTREAMONT: A POESÍA DEBE SER FEITA
POR TOD@S.**

The Michigan Daily

DAQUELA

11.11.16

“CONFUSIÓN NA FRONTEIRA DE MÉXICO POLA
ELECCIÓN DE TRUMP”

HOXE

11.11.18

“O 82% DA CIDADANÍA DE ESPAÑA PREVÉ OUTRA
CRISE ANTES DE CINCO ANOS”

ENTÓN...

E EU TAMÉN. PUNTOS SUSPENSIVOS...

The Michigan Daily

DAQUELA

12.11.16

“MORRE LEONARD COHEN”

HOXE

12.11.18

“MACRON EVOCA A GRAN GUERRA PARA CRITICAR
O NACIONALISMO DE TRUMP”

ENTÓN...

**WALT DISNEY ESTÁ CONXELADO. ELVIS PRESLEY
VIVE. LEONARD COHEN ESTÁ EN COMA NUN
TANATORIO DA LIMIA. CHARLIE CHAPLIN É UNHA
MOMIA APARECIDA NUNHA TRINCHEIRA DA GRAN
GUERRA. NAS TRINCHEIRAS DA REMOTA HISTORIA
DOUS ESQUELETOS DISCUTEN DE NACIONALISMO E
PATRIOTISMO, DE EROTISMO E DE PORNOGRAFÍA E
DE SE O COCHE DE GASÓLEO COMPENSA.**

The Michigan Daily

DAQUELA

13.11.16

“NOVO ACORDO DE PAZ EN COLOMBIA”

HOXE

13.11.18

“O TRIBUNAL DE CONTAS CONDENA A ARTUR MAS
A PAGAR 4’9 MILLÓNS € POLA CONSULTA DO 9-N”

ENTÓN...

**ESE RUÍDO QUE VÉN DE FÓRA TRAE HARMONÍAS DE
GUERRAS XORDAS. PRIMEIRO VEXO EXPLOSIÓNS
E LOGO SINTO O ESTOUPIDO. SON UN ASTRONAUTA
DISTRÁÍDO EN ACTO DE COMBATE. QUE ME
DESCONECTEN. QUE ME CONECTEN, QUE
ME ENCHUFEN. QUE ME DEENCHUFEN.**

The Michigan Daily

Diariamente, durante os 18 días que durou a mostra *Michigan/ Acaso Michigan* publicouse este diario, “The Michigan Daily”, que recolle unha noticia de primeira plana dos días no que o artista estivo en coma, outra noticia de primeira plana do día en curso e un texto literario do autor.



Deputación
DA CORUÑA